

**Expediente 15322/407**

Asunto: CONCURSO DE TRASLADOS PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE “XEFE/A OFICINA XEFATURA” (posto 400.02).

RESOLUCIÓN

De conformidade co informe-proposta do xefe dos Servizos Centrais, conformado polo Xerente con data 13.03.2023, fiscalizado de conformidade pola Intervención, no uso das facultades que me outorgan os artigos quinto e sexto dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo (BOP de Pontevedra de 6 de outubro de 2010), e na delegación presidencial recollida na Resolución de 11 de xullo de 2019 (BOP de Pontevedra de 22.07.2019), **RESOLVO:**

Primeiro.- Convocar concurso ordinario para a provisión do posto “Xefa/e da Oficina Xefatura” (código 400.02 da vixente RPT).

Segundo.- Aprobar as bases do concurso ordinario para a provisión do posto de “xefe/a Oficina Xefatura” da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, que figuran no ANEXO desa resolución.

Terceiro.- Ordenar a publicación dun extracto das Bases no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello de Vigo, expedientes da Xerencia Municipal de Urbanismo (taboleiro da sede electrónica deste Concello), así como a publicación completa na páxina WEB municipal (ofertas de emprego da Xerencia Municipal de Urbanismo).

Cuarto.- Informar que contra a presente resolución cabe interpoñer con carácter potestativo recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Administración municipal ou, no prazo de dous meses, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo.

A N E X O

BASES PARA O CONCURSO DE TRASLADOS PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE “XEFE/A OFICINA XEFATURA” da XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO (expediente 15322/407).

I.- Identificación do posto.(posto 400.02).

- Código: 400.02.
- Denominación: Xefa/e Oficina Xefatura.
- Localización: Xefatura de Urbanismo.
- Complemento de destino: 22.



- Complemento específico: 13.486,62 euros (código 320).
- Grupo/subgrupo, Escala, Subescala: C1, Administración xeral, Subescala administrativa.
- Titulación requirida: Bacharelato superior, FP II ou equivalente.

II.- Requisitos necesarios para participar na convocatoria.

Funcionarios/as incluídos/as no Subgrupo C1 de titulación coa categoría de administrativo/a de administración xeral, que contén unha antigüidade mínima na praza de dous anos e titulación de bacharelato superior, FP2 ou equivalente, segundo a normativa vixente. Os requisitos e os méritos alegados posuiranse o día no que conclúa o prazo de presentación de solicitudes.

III.- Baremo de méritos.

O baremo de aplicación estará integrado polos seguintes méritos avaliados:

1. Coñecemento do posto ao que se opta: Valorarase de 0 a 6 puntos.

Consistirá nunha proba práctica na que se acrediten os coñecementos específicos do posto de traballo, en atención ao destino concreto no departamento ou servizo no cal se ubica na vixente relación de postos de traballo, que se valorará ata 6 puntos.

Para formar o seu xuízo, a Comisión de Valoración acordará a práctica das probas que poderán ser tipo test ou ben probas prácticas, e que versarán sobre aspectos relativos ás tarefas propias do posto.

A puntuación de cada aspirante nas diferentes probas correspondentes a este apartado será a media aritmética das cualificacións de todos os membros da Comisión asistentes á sesión - exceptuado o Secretario/a-.

Non se valorarán a puntuación máis alta e a máis baixa (unicamente unha de elas en caso de empate) sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos ou máis.

2. Grao persoal (máximo 2 puntos):

- O mesmo grao persoal ou superior ó posto a que se aspira: 2 puntos.
- Un nivel inferior: 1,5 puntos.
- Dous niveis inferiores ou menos: 1 punto.
- Tres niveis inferiores ou menos: 0,5 puntos.

3. Antigüidade (máximo 3 puntos).

Por cada ano ou fracción de servizos prestados ao Concello ou a Xerencia de Urbanismo con cargo a prazas do cadro de persoal e os recoñecidos con anterioridade á adquisición da condición de funcionarios de carreira: 0,10 puntos, ata un máximo de 3.

4. Cursos de formación e perfeccionamento (máximo 4 puntos).



Unicamente teranse en conta os cursos que estean relacionados coas funcións do posto ao que se aspira nos que o certificado de asistencia sexa expedido por un organismo oficial, centro homologado para a impartición docente ou colexio profesional; así cursos impartidos polo Instituto Nacional de Administración Pública, Escola Galega de Administración Pública, cursos oficiais derivados do cumprimento dos acordos de formación continua de administracións públicas (I, II, III e IV AFCAP), dentro do seu labor de formación e capacitación permanente do persoal, Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) ou outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos, cursos incluídos nos plans anuais de formación do Concello, sempre que o certificado de asistencia o expida o Concello e cursos impartidos por colexios profesionais e centros homologados. Así mesmo, tamén poderán avaliarse os impartidos por outros organismos oficiais competentes para impartir os cursos propios de cada oficio e os derivados dos acordos nacionais de formación continua (FORCEM) impartidos por sindicatos ou confederación de empresarios, sempre e cando teñan relación coas funcións do posto ao que se aspira.

En función da súa duración outorgarase a seguinte puntuación:

- Por cada curso de 60 horas de duración, ou no seu defecto 10 xornadas como mínimo: 0,60 puntos.
- Por cada curso entre 30 e 59 horas de duración ou no seu defecto de 5 a 9 xornadas: 0,40 puntos.
- Por cada curso entre 10 e 29 horas de duración ou no seu defecto entre 2 e 4 xornadas: 0,20 puntos.
- Por cada curso no que non se especifique a duración, ou inferior a dúas xornadas: 0,10 puntos.

No caso de centros ou cursos homologados, na certificación que o/a aspirante presente dentro do prazo para isto establecido, deberá constar a resolución expresa de homologación. Nas convocatorias específicas poderá figurar a relación de cursos con dereito a poder ser valorados.

A puntuación máxima por este apartado non poderá exceder de 4 puntos.

Os cursos sobre linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas, serán tidos en conta nos baremos de méritos para a carreira profesional.

5. Titulacións académicas:

- a) Por estar en posesión de titulación superior á esixida para o acceso á praza: 1 punto.
- b) Por estar en posesión doutras titulacións superiores, excluída a que serviu para obter a que se alega como mérito, sempre que teña relación directa coas funcións do posto e que sexa superior respecto da do apartado anterior: 1 punto.

6. Coñecemento do idioma galego.

- Por superar o curso/validación de iniciación: 0,50 puntos.



- Por superar o curso/validación de perfeccionamento ou curso básico de linguaxe administrativa: 1 punto.
- Por superar o curso medio de linguaxe administrativa: 1,5 puntos.
- Por superar o curso superior de linguaxe administrativa: 2 puntos.

Puntuarase soamente o superior alegado e xustificado como mérito.

Ao/á aspirante que non acredite ter realizado ningún dos anteriores cursos efectuaráselle unha proba de coñecementos, que se valorará cun máximo de 0,50 puntos. Dita proba terá lugar sempre antes da realización da proba de coñecemento do posto ao que se opta, e convocarase a través do taboleiro de anuncios e edictos aos/ás aspirantes que non acrediten contar con ningún curso de lingua galega.

Puntuación mínima.- Para poder ter dereito a ser nomeado ao posto de traballo convocado, o/a candidato/a deberá obter un mínimo de 9 puntos conforme ao baremo de méritos anterior.

Criterios de desempate.- Os empates dirimiranse en función da puntuación outorgada ós méritos enunciados, pola orde establecida; de persistir pola antigüidade na administración e, por último, pola idade.

Esta Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo e a Comisión de Valoración comprométese a respectar e cumprir o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

IV.- Comisión de valoración.

1. A Comisión de Valoración integrarase polos seguintes membros:

Presidente: Un funcionario de carreira que preste os seus servizos na XMU.

Vocais: Tres funcionarios de carreira que presten os seus servizos na XMU ou no Concello de Vigo.

Secretario: Un funcionario de carreira que preste os seus servizos na XMU.

2. A Comisión designarase mediante Resolución da Vicepresidencia da XMU. A totalidade dos seus membros posuirá un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o ingreso na Escala e subescala obxecto de convocatoria. As designacións axustaranse ao principio de composición equilibrada de mulleres e homes. Poderán designarse membros suplentes que, no seu caso, substitúan aos titulares.

3. A Comisión de Valoración non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de mais da metade dos seus membros, titulares ou suplentes (3 membros); en todo caso estarán presentes o presidente e o secretario.

4. O réxime xurídico aplicable á Comisión de Valoración axustarase ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro; os seus membros absteranse de formar parte da mesma cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da norma citada.

5. A Comisión queda facultada para resolver as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas Bases e para adoptar os acordos necesarios para a boa orde do procedemento.

6. A Comisión de Valoración poderá requirir dos concursantes, en calquera momento do procedemento, a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. A Comisión



solicitará dos interesados as aclaracións ou a achega da documentación adicional que considere necesaria para a comprobación dos méritos alegados.

7. Contra os actos de trámite da Comisión que decidan directa o indirectamente sobre o fondo do asunto, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable aos dereitos e intereses lexítimos e que non poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a Vicepresidencia da XMU. Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar ante a Comisión as alegacións, reclamacións e/ou correccións de documentación que estimen pertinente no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data da publicación.

V.- Publicación da convocatoria.

Un extracto das presentes Bases publicarase no BOP e no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello de Vigo, expedientes da Xerencia Municipal de Urbanismo (taboleiro da sede electrónica). As Bases completas e os sucesivos anuncios publicaranse na páxina web municipal, www.vigo.org, ofertas de emprego da Xerencia Municipal.

VI.- Forma, prazo e lugar de presentación das solicitudes.

1. *Forma de presentación:* As solicitudes para a participación no Concurso presentaranse segundo modelo do ANEXO I destas Bases. A presentación da solicitude de participación supón a declaración de que son certos os datos consignados na mesma e de que se reúnen todos os requisitos esixidos. Os interesados comprométese a acreditar documentalmente, finalizada a valoración de méritos, os datos que fagan constar na solicitude.

Á solicitude de participación acompañarase duna relación de MÉRITOS alegados para a súa valoración. Acreditaranse mediante fotocopia simple dos documentos que sirvan de proba e xustificación. En concreto:

- Respecto dos méritos 2 e 3 (grao persoal e antigüidade) achegando o Informe do Anexo II destas Bases (este modelo pode ser substituído por informes ou certificados -dos que dispoñan as/os candidatas/os- que acrediten os extremos indicados de grao e antigüidade).

- Respecto do mérito 4 (cursos de formación), 5 (titulacións) e 6 (galego), achegando unha relación numerada dos distintos cursos/títulos, especificando -no caso dos cursos- número de horas de cada un deles e fotocopia simple do título, diploma ou certificación de asistencia e/ou, no seu caso, certificación de aproveitamento do respectivo curso.

Non serán valorados os méritos non documentados na forma mencionada. A Comisión de Valoración solicitará ampliación de documentación se considera que un mérito non se encontra acreditado.

2. *Prazo de presentación:* Quince días hábiles contados a partir do seguinte o de publicación do extracto da convocatoria no BOP e no Taboleiro de Anuncios e Edictos do Concello de Vigo, expedientes da Xerencia Municipal de Urbanismo (taboleiro da sede electrónica).

3. *Lugar de presentación:* A solicitude deberá presentarse no Rexistro Electrónico da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.



VII.- Admisión de aspirantes.

1. Concluído o prazo de presentación de solicitudes a Vicepresidencia da XMU, mediante Resolución, aprobará o listado provisional de aspirantes admitidos e excluídos. No caso de exclusión especificarase a causa de exclusión. Contra a Resolución poderase presentar reclamación no prazo dos 10 días seguintes hábiles. As reclamacións, se as houbera, serán resoltas na Resolución da Vicepresidencia na que se aproben as listas definitivas que será obxecto de publicación na páxina web municipal. Os aspirantes que no prazo sinalado no corrigiran o defecto que motivou a súa exclusión ou no presentaren reclamación xustificando o seu dereito de inclusión na relación de admitidos serán excluídos do proceso. É incorrizable a presentación da solicitude fora do prazo e o incumprimento dos requisitos esixidos para tomar parte no Concurso.

2. No suposto de non presentarse reclamacións o listado provisional entenderase definitivo. Na mesma Resolución na que se faga pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, constará a composición da Comisión de Valoración.

VIII.- Resolución do concurso.

1. A Comisión de Valoración, valorados os méritos, adoptará os seguintes acordos:

- Puntuacións individualizadas asignadas aos concursantes en cada un dos méritos.
- Puntuación final do concurso obtida da suma das puntuacións dos méritos.
- Proposta de nomeamento provisional á Vicepresidencia da XMU que recaerá a favor do concursante que tivera obtido a maior puntuación.

Ditos acordos serán publicados na web municipal (ofertas de emprego da XMU).

2. Os participantes no procedemento no prazo dos cinco días hábiles seguintes ao de publicación do acordo poderán consultar o Expediente e alegar e xustificar ante a Comisión o que estimen conveniente sobre o resultado das valoracións. As alegacións ou reclamacións resolveranse no prazo de cinco días realizando proposta definitiva á Vicepresidencia da XMU.

3. A proposta provisional será definitiva caso de non se presentaren polos concursantes alegacións ou reclamacións.

4. No prazo de 20 días a contar desde o seguinte a aquel en que sexa público o anuncio do nome dos concursantes propostos provisionalmente para a provisión dos postos de traballo, os funcionarios propostos presentará na dependencia de Servizos Centrais da XMU os documentos orixinais, ou copias compulsadas, dos méritos presentados coa solicitude de participación, e valorados no Concurso a fin de proceder a súa comprobación, compulsada e validación. Se no prazo indicado non achegara dicha documentación, será excluído do procedemento.

5. A Vicepresidencia da XMU, previa a presentación da documentación mencionada no apartado anterior, resolverá o concurso en base á proposta da Comisión de Valoración e acordará a adscrición ó posto de traballo de *Xefa/e de Oficina Xefatura*. A Resolución publicarase no BOP e na páxina web municipal. A Resolución pon fin á vía administrativa, contra a mesma cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados de Vigo no prazo de dous meses sen prexuízo da interposición de recurso potestativo de reposición ante a Vicepresidencia no prazo dun mes,

SERVIZOS CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



ambos os dous prazos contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

6. Os/as funcionarios/as nomeados/as a través do presente concurso de traslados poderán ser adscritos, por necesidades do servizo, a outros postos do mesmo nivel de complemento de destino e igual importe do complemento específico.

Vigo, na data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez, VICEPRESIDENTE

DOU FE, José Riesgo Boluda, SECRETARIO